



A Coruña, 31 de marzo de 2023.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO: ACTA N°7 TEMP 2022-23

Equipos participantes: R.C.N Vigo- C.M. Ferrol .

Competición: Liga Galega Waterpolo División de Honra Feminina.

Data de celebración: 26/03/2023.

FEITOS

- O día 28 de marzo foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuiz acta e anexo adxunto asinado polos arbitros do encontro no que se recolle:

"Tras agardar o tempo de cortesía estipulado por regulamento, o equipo visitante (Club Marina de Ferrol) presenta un número insuficiente de xogadoras ao encontro; non podendo polo tanto dar comezo ao mesmo. Os equipos deciden de mutuo acordo disputar un encontro «amistoso» que é dirixido polo equipo arbitral designado".

- Por parte da Secretaria da FEGAN remitiúsenos correos electrónicos dos dous clubs nos que, por unha banda o club puxo en coñecemento o día anterior a imposibilidade de disputar o encontro por causas de forza maior (falta de xogadoras, etc.) que non lle permitían acadar o número mínimo de xogadoras e outros nos que os dous equipos manifestan a súa vontade de disputar o encontro noutra data a convenir, non poñendo a FEGAN ningún impedimento.

CONSIDERANDO

- Que pese que a conduta do equipo visitante podería ser obxecto de sanción, dada a vontade das partes de deixar sen efecto o acontecido e disputar o encontro en outras datas entendemos que o expediente debe ser arquivado provisionalmente.

RESOLVE

- O sobreseimento e arquivo provisional do expediente

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN